

Tema 11: España no escenario xeopolítico: na UE e no mundo.

España ocupa o decimoterceiro posto na lista das economías mundiais que elabora o Fondo Monetario Internacional (FMI). Antes da crise económica de 2008, o noso Estado chegou a acadar a oitava posición nas economías mundiais, mais esta crise provocou que fose adiantada nesta clasificación por países como Canadá, India, Rusia e Australia.

A Organización Mundial do Comercio (OMC) sitúa a España como un país entre os 20 primeiros canto a exportación de mercadorías. Canto a competitividade, estamos no posto 36 de 144 economías -clasificadas polo nivel de exportacións e en relación coa calidade de vida da poboación.

Os problemas de España, segundo o FMI, están nos desequilibrios macroeconómicos, o das contas públicas, a corrupción local e o insuficiente gasto en I+D+i.

ESPAÑA NA UE

Para España, que se integrou xunto con Portugal na UE -nese momento CEE- en 1986, formar parte da nova comunidade supuxo un cambio e modernización que se xuntou a un plus de democracia. A UE era a mellor leva para reformar España, para introducir o IVE, para liberalizar sectores,... Coa súa integración, España perdeu soberanía, mais integrouse na política monetaria común.

A unión monetaria tense convertido nunha unión de disciplina fiscal que supuxo un corsé para as contas públicas en España. España tense globalizado vía Europa e América Latina. As exportacións españolas ao resto da UE pasaron de representar un 70% a un 60% do total (ao facerse máis global, España -e os seus socios- vólvense menos europeos).

Independentemente das veces que España ostentase a presidencia do Consello Europeo e dos altos cargos españois nas institucións europeas, nas tres décadas da UE, España ten participado nas negociacións de diversos tratados (Amsterdam, 1997; Niza, 2001; Lisboa, 2009) e forma parte da zona euro e do espazo Schengen.

España está representada nas institucións europeas con 54 deputados e un comisario. Contribúe por encima do que recibe (un 0,86% do total) con respecto ao orzamento xeral. É o segundo país canto a superficie, e o quinto canto a poboación; está lixeiramente por debaixo da media da UE (92%) da renda per cápita media. A súa taxa de desemprego é unha das máis altas.

ESPAÑA NO MUNDO

España perdeu peso no contexto internacional durante o século XIX e primeira metade do século XX debido á perda das súas colonias; ao atraso tecnolóxico e económico respecto doutros países de Europa occidental; e ao illamento internacional que seguiu trala guerra civil.

O final deste illamento prodúcese a mediados do século XX (España ingresa en 1955 na ONU) e o desenvolvemento económico dos anos 1960 incorporaron de novo a Estado español á escena internacional.

Canto á superficie e poboación, España ocupa un tamaño medio no contexto internacional (51o en superficie dos 211 estados actuais e o posto 27-º en poboación segundo o censo do ano 2008).

As características económicas e sociais intégrana na área xoeconómica dos países desenvolvidos, aínda que, en comparación cos máis avanzados, presenta un carácter de potencia intermedia.

A súa situación xeoestratéxica e de relacións internacionais está situada nunha encrucillada de mares e de continentes (Mediterráneo, Norte de África, Europa e o Atlántico).

España é unha potencia intermedia dentro dos países máis desenvolvidos. No ano 2012 tiña o posto 13-º a escala mundial segundo o seu PIB e 30-º segundo o seu PIB per cápita. No Índice de Desenvolvemento Humano (mide aspectos non económicos senón outros como a esperanza de vida, nivel educativo, sanidade...), España perdeu posicións e ocupa agora o posto 20-º (2012).

España nas áreas xeopolíticas España empeza a participar nas grandes organizacións internacionais,

esencialmente en tempos recentes. Esa situación prodúcese, principalmente, a partir de 1975 cando o réxime político cambia dunha ditadura cara a unha democracia.

España ten presenza en organizacións internacionais como a ONU (na que ingresa en 1955), a FAO, Banco Mundial, FMI, OIT,...

A situación de encrucillada entre dous mares (Mediterráneo e Atlántico) e dous continentes (África e Europa) xera posición xeoestratéxica de España. As relacións internacionais están centradas en primeiro lugar coa Unión Europea (na que ingresa en 1986) pero tamén co resto de Europa (intervindo, por exemplo, na estabilización da rexión balcánica tras as guerras de finais do século XX).

En segundo lugar, é moi importante a relación cos países da conca mediterránea, onde existe unha vinculación histórica, económica e cultural dende moitos anos atrás. As relacións cos países norteafricanos son un obxectivo importante.

En terceiro lugar, destacan as relacións con Iberoamérica, rexión coa que se dá unha forte vinculación demográfica, económica e cultural.

Outros ámbitos importantes son as relacións con Estados Unidos (co que se coidan os acordos bilaterais en temas relacionados coa política, seguridade, economía cultura, ciencia e tecnoloxía), Próximo Oriente (moi importante o papel mediador no conflito árabe-israelí), as relacións económicas cos países asiáticos e o Pacífico e, por último, convén salientar o apoio solidario á rexión xeográfica máis pobre do planeta: África subsahariana.